
REVISTA INFORMATIVA TRIMESTRAL

DOWN Galicia



ADEMAIS...

Recoñecemento pola formación prelaboral nas entidades Down

Por que tendo a síndrome de Down se tende a desorientar?

Amosamos os retos actuais da orientación académica e laboral

DEBATE PARA FAMILIAS E DOCENTES + FORMACIÓN PARA PROFESIONAIS

# Down Galicia organiza unha xornada e un obradoiro de Educación Inclusiva

Estrea de dous novos OrientaConsellos para abrir este curso!

Número 14 - Outubro 2019

# ÍNDICE


Organizado un obradoiro e unha xornada de educación 3

Por que coa síndrome de Down se tende a desorientar? 7

Guía xurídica sobre os dereitos e a discapacidade 9

Éxito dos usuari@s nos exames de Competencias Clave 11

Máis educación inclusiva ante a violencia machista 13

Axuda extraordinaria de Política Social a Down Galicia 15

Novos Orientaconsello para comezar este curso! 17

Cales son os retos da orientación académica e laboral? 19

A Xustiza esixe á administración inclusión educativa 25

Recoñecemento aos usuari@s pola formación prelaboral 29

Máis noticias? 31

Séguenos! 32



© Publicación da Federación Down Galicia



Textos e deseño realizados polo Departamento de Comunicación





PÁXINAS 1-2

Xornada científica con motivo da 7ª edición de prácticas BBVA




Cartel do obradoiro do venres 25 de outubro

## DOWN GALICIA ABRE O PRAZO DE INSCRICIÓN PARA A XORNADA E O OBRADOIRO DE EDUCACIÓN

A Federación Down Galicia organiza para o 25 e 26 de outubro dous eventos relacionados coa inclusión educativa. O obxectivo de ambos é contribuír a unha mellora na sensibilización e formación das persoas participantes.

**Día 25 - Obradoiro para familias e profesionais**

O venres 25 de outubro pola tarde terá lugar o obradoiro "Compartindo miradas sobre a educación", un punto de encontro e debate no que familias e profesionais deste eido compartirán a súa visión e opinión en base ás diferentes experiencias e puntos de vista sobre a escolarización.

A sede de Down Galicia acollerá este coloquio, que durará aproximadamente dúas horas, entre as 17:30 e as 19:30 horas. O espazo de debate estará moderado por Antonio Márquez, mestre de Pedagoxía Inclusiva desde hai 13 anos e actual director do proxecto "Aula Desigual", dedicado á formación e asesoramento a centros, docentes e institucións en materia de inclusión e pedagoxía.

A participación non ten custe para as e os participantes e só é preciso enviar un correo electrónico ao enderezo downgalicia@downgalicia.org aportando nome e apelidos. O prazo de inscrición está aberto ata o venres 18 de outubro.

**Día 26 - Xornada de Educación Inclusiva para docentes**

Mentres, o sábado 26 ao longo de todo o día terá lugar "Educación Inclusiva: Deseño Universal para a Aprendizaxe e boas prácticas", unha xornada didáctica e reflexiva con máis dunha ducia de experiencias dedicada a profesionais docentes, de orientación e equipos directivos dos centros educativos de infantil, primaria e secundaria do país. O prazo para inscribirse está aberto ata o venres 18 de outubro ás 14:00 horas.

Esta formación, homologada pola Consellería de Educación da Xunta de Galicia, quere contribuír na formación das persoas participantes na utilización de metodoloxías inclusivas como unha medida de atención e optimización do proceso de inclusión educativa do alumnado con maiores necesidades de apoio educativo.

A xornada estará centrada, na súa maior parte, na presentación de experiencias e boas prácticas de profesionais da educación. Unha ducia de testemuños entre relatorios e mesas redondas, onde destacan as experiencias dos mestres Antonio Márquez Ordóñez e José Blas García Pérez.

**Consulta aquí o programa**

**Inscríbete aquí! Escolle a opción que te corresponda:**

A. Son persoal en activo a 4 de outubro en centro público

B. Son outro tipo de persoal ou participante




Cartel da xornada do 26 de outubro



Sesión de estimulación cognitiva en Lugo

## PORQUE TENDO A SÍNDROME DE DOWN SE TENDE A DESORIENTAR?

O grupo do investigador Juan Lerma do Instituto de Neurociencias presentou no XVIII Congreso Nacional de Neurociencias, que se celebrou en Santiago en setembro, o mecanismo responsable dos problemas de orientación das persoas coa síndrome de Down. O achado é resultado dunha investigación que leva en curso 17 anos.

O estudo presentado na capital de Galicia revela que a cantidade do xene Grik1 no organismo é a causa da que depende a desorientación que teñen moitas persoas coa síndrome de Down. Estas persoas teñen o cromosoma 21 triplicado, e por iso, os xenes do devandito cromosoma tamén están multiplicados.

Segundo os investigadores, se se normaliza a dose deste xene nun rato transxénico, os problemas de memoria espacial desaparecen. “Volven acordarse onde estaban”, explicou o investigador. Ademais, engade que o seu traballo axudará na fabricación de fármacos que atenúen a actividade da proteína que fabrica o xene.

“Vimos en modelos de rato que hai un problema de desequilibrio entre excitación e inhibición de determinados circuítos neuronais. Este desequilibrio depende da dose do xene Grik1. Se se normaliza a cantidade deste xene nun rato, os problemas de memoria espacial desaparecen”, explica Lerma, exdirector do Instituto de Neurociencias.

PÁXINAS 7-8

## UNHA GUÍA DE USO NO ÁMBITO XURÍDICO PARA GARANTIR OS DEREITOS DAS PERSOAS CON DISCAPACIDADE

A inicios de verán publicouse a "Guía de fácil uso de la Convención Internacional de los Derechos de las personas con discapacidad para operadores jurídicos 2019". O documento, desenvolto e publicado polo CERMI estatal, achega a Convención aos profesionais do Dereito co fin de que a súa perfecta comprensión garanta o seu cumprimento en España.


"Presentamos esta guía coa pretensión de achegarlles esta Convención e o seu Protocolo Facultativo para que o compendio de dereitos e liberdades que recolle o seu articulado garántanse e recoñézanse na súa plenitude", recalca Jesús Martín Blanco, delegado de Dereitos Humanos do CERMI.

O motivo para elaborar esta publicación foi o informe que presentou, o pasado mes de abril, un comité das Nacións Unidas sobre os dereitos das persoas con discapacidade en España. No devandito documento, a ONU mostraba a súa "preocupación" e reclamaban ao noso Goberno a implementación dunha serie de recomendacións para garantir a protección dos dereitos das persoas con discapacidade en España.

"Preocupan ao Comité os escasos avances do Estado parte en relación coa educación inclusiva, incluída a falta dunha política clara e de plans de acción para a súa promoción. Inquiétalle ao Comité que un número importante de nenos e nenas con discapacidade, incluídos nenos e nenas con autismo, con discapacidade intelectual ou psicosocial ou con pluridiscapacidad, sigan recibindo unha educación especial e segregada", dita o texto da ONU, no que se inclúen máis de 50 recomendacións.

Segundo explica Martín, trátase de "recomendacións que instan o Estado Español a que garanta programas de formación e de toma de conciencia, dirixidos a todos os actores implicados na administración de xustiza, incluídos os axentes da policía e os funcionarios de institucións penais".

**Consulta aquí a guía!**



# ÉXITO ROTUNDO DOS MEMBROS DAS ENTIDADES DOWN NOS EXAMES DE COMPENTENCIAS CLAVE

Grandes resultados na avaliación das Competencias clave dos membros das entidades Down de Galicia que se examinaron o pasado 25 de maio en Silleda. Na 13ª edición destas probas, os 15 exames realizados por usuarias e usuarios da Federación no nivel 2 acadaron un resultado positivo, o que supón o 100% dos aprobados.

No tocante aos exames de nivel 3, os resultados foron tamén un éxito, xa que o 92,3% das competencias foron superadas, quedando soamente coa cualificación de "Non apta" unha delas. Desta maneira, a suma dos resultados das probas de nivel 2 e nivel 3 amosan un 96,5% de aprobados totais, o que evidencia a gran preparación das 14 persoas participantes, pertencentes ás entidades Down de Ferrol, Lugo e Pontevedra.

As persoas participantes coa síndrome de Down ou outra discapacidade intelectual examináronse en igualdade de condicións que o resto das preto de 4.000 persoas que se presentaron nesta ocasión.

Para que fose posible, foron solicitadas as adaptacións dos exames á metodoloxía de Lectura Fácil (para facilitar a comprensión das preguntas e dos textos), a ampliación da letra e do tempo para cada exame e, nalgúns casos, persoal de apoio.

Neste sentido, as entidades Down en Galicia destacan a importancia de concorrer a este tipo de probas a través do sistema ordinario. Asegúrase, deste xeito, a inclusión social atendendo á diversidade de cada individuo, e garántese que todas as persoas teñan as mesmas oportunidades de acceso e participación tendo en conta as súas necesidades.

**Que son as Competencias clave?**

As probas de Competencias clave están pensadas para que as persoas que non posúen os requisitos de formación básica (ESO ou Bacharelato) poidan demostrar as súas capacidades e coñecementos co obxectivo de acceder á formación para o emprego.

Así, estas probas convértense en unha das vías de acceso aos certificados de profesionalidade de nivel de cualificación 2 e 3, xa que as persoas que as superan están acreditando uns requisitos formativos que asegurarán que posúen os coñecementos necesarios para acceder aos diferentes cursos.

Hai 4 competencias clave (lingua galega, castelá, estranxeira, e matemáticas) e para cada unha hai dous niveis. O nivel 2 correspóndese co título de Graduado en Educación Secundaria ou equivalente, e o nivel 3 correspóndese con Bacharelato ou equivalente.

## DOWN GALICIA CONCÉNTRASE E RECLAMA TRABALLAR NA EDUCACIÓN PARA FREAR A VIOLENCIA MACHISTA

O equipo de Down Galicia parou a súa actividade o 17 de setembro ás 12 do mediodía e concentrouse na porta principal da súa sede en Conxo, xunto ás usuarias e usuarios e profesionais de Down Compostela, como acto de repulsa e indignación ante o triplo crime de terrorismo machista que tivera lugar a xornada anterior en Valga.

A Federación Down Galicia considera inasumible esta situación para unha sociedade con Estado de dereito. O seu presidente, Delmiro Prieto, reclama "traballar desde a base, desde a educación, dadas as dificultades das medidas legais e da administración para acabar con esta indignante lacra".

Para o dirixente da Federación, unha educación baseada no respecto e a inclusión de todas e todos pode cambiar o futuro dunha sociedade con claros trazos machistas e individualistas. As metodoloxías inclusivas, como as de aprendizaxe cooperativa, que vén reclamando Down Galicia para a educación pública é fiel reflexo destes obxectivos.

"Entre todas e todos debemos desterrar calquera tipo de violencia e discriminación contra a muller con e sen discapacidade", afirma Prieto




PÁXINAS 13-14

Actividade de sensibilización sobre o machismo en Compostela

## AXUDA EXTRAORDINARIA DE POLÍTICA SOCIAL A DOWN GALICIA PARA FACER FRONTE AO NOVO CONVENIO COLECTIVO

Down Galicia vén de recibir, xunto con outras entidades do ámbito da discapacidade como ASPACE Galicia, Autismo Galicia, COGAMI, Down Galicia, FEAFES Galicia e FEGADACE, unha axuda extraordinaria coa que facer fronte ao incremento do gasto de persoal producido pola actualización do convenio colectivo polo que se rexen estas entidades de discapacidade.

A Federación e as citadas organizacións queren agradecer publicamente a culminación, a través da devandita axuda, do proceso de traballo e negociación entre as entidades de discapacidade e a Consellería de Política Social. Grazas á mesma garántese o mantemento dos servizos e programas postos en marcha para a atención ás persoas con discapacidade do noso país.

No mes de xullo publicábase o 'XV Convenio colectivo xeral de centros e servizos de atención a persoas con discapacidade', polo que se rexen as relacións laborais da maioría das entidades deste ámbito. O novo documento regulador implica, entre outras novidades, un incremento substancial nas táboas salariais que estaban pendentes de actualización dende o ano 2016, e que se aplica con carácter retroactivo a todas as nóminas correspondentes ao ano 2019.

A publicación desta actualización do convenio chegou nun momento no que os orzamentos das asociacións estaban xa pechados e vinculados á execución de múltiples programas, imposibles de suprimir sen nefastas consecuencias na atención ás persoas con discapacidade de Galicia e as súas familias.

Dada a vinculación destes programas tanto a convenios directos como a contratos de prazas coa Consellería de Política Social, desde Down Galicia e as entidades citadas comezou un proceso de negociación conxunta coa Xunta de Galicia para procurar solucións que garantiran o mantemento de todos os servizos en marcha, así como de todos os postos de traballo.

O resultado coñeceuse este mes de setembro, coa dotación de 1.539.540,95 de euros para ditas federacións dos 3,6 millóns do total da axuda extraordinaria concedida pola Xunta de Galicia. O próximo obxectivo é a consolidación e inclusión desta achega aos diferentes convenios e contratos que a Consellería outorga a estas organizacións, a través dos cales se contribúe ao financiamento dos recursos de atención a persoas con discapacidade.

PÁXINAS 15-16

## NOVOS ORIENTACONSELLOS PARA COMEZAR ESTE CURSO!

Down Galicia arrinca a recta final da segunda temporada do OrientaConsello, o microespazo en Youtube dedicado á busca activa de emprego.

Nesta etapa o pequeno programa aporta un punto de vista máis práctico sobre a empregabilidade. Cada episodio afonda nun oficio concreto, explicando as súas tarefas, considerando as aptitudes para o mesmo e vendo exemplos do mal e o bo facer.

Os últimos dous capítulos publicados nesta temporada están protagonizados por Chus Pena, de Down Lugo, e Carmen Carballeira, de Teima Down Ferrol. O primeiro fala do oficio de auxiliar de sala, o segundo de aprendiz de mecánico e a última de auxiliar administrativa.

Esta iniciativa da Federación reivindica a inclusión e a filosofía colaborativa da rede, compartindo con todas aquelas persoas que o desexen consellos e trucos que as axuden na complicada tarefa que supón atopar un traballo.

OrientaConsello ten unha periodicidade mensual e son publicados na canle de Youtube e nas redes sociais da Federación.

**Capítulo 23: *Auxiliar de comedor escolar*, por Chus**




**Capítulo 24: *Moz@ de almacén*, por Carmen**



# CALES SON OS RETOS ACTUAIS DA ORIENTACIÓN EN PERSOAS CON DISCAPACIDADE INTELECTUAL?

Sabrina Molinos, Coordinadora de programas de Down Galicia, vén de ser entrevistada por Educaweb, portal especializado en educación e orientación. Polo seu interese, facémonos eco do artigo a continuación.

O Movemento Down desenvolveu desde 2002 un proxecto de orientación que consiste no deseño dunha guía que facilite os procesos de orientación académica e profesional das persoas con discapacidade intelectual e síndrome Down. A guía, reeditada cada ano, converteuse nun recurso básico para familias e profesionais deste ámbito. Na actualidade, é utilizada tanto por aquelas entidades que forman parte de Down Galicia como por centros educativos e entidades públicas e privadas.

**O proxecto mantívose vixente durante a crise económica-financeira. Cal é o secreto do seu éxito?**

Tendo en conta que un dos principais obxectivos de Down Galicia na área de formación e emprego é facilitar procesos de orientación académica e profesional adecuados ás persoas con discapacidade intelectual e síndrome de Down, así como para as súas familias, consideramos imprescindible asegurar a reedición da Guía de orientación académica e profesional para garantir a consecución deste obxectivo.

**Cales son os principais cambios que se introduciron durante estes anos?**

A guía foi reeditada ano tras ano, mantendo practicamente a mesma distribución e orde do seu contido para facilitar a procura de información por parte de todos os axentes que a utilizan a diario e que xa se familiarizaron coa súa estrutura. Os cambios que introducimos limitáronse a melloras no formato de presentación, así como á actualización da información.

Por outra banda, incorporamos novas canles para a súa difusión ao longo dos anos, co obxecto de que chegue ao maior número de persoas posible e ampliar o público beneficiario deste recurso. Deste xeito, mentres que nos seus inicios a súa difusión centrábase basicamente entre as persoas que forman parte das entidades de Down Galicia (persoas usuarias, familias e profesionais), durante os últimos anos conseguimos chegar á maior parte dos centros educativos de Galicia, así como a outras entidades públicas e privadas. Do mesmo xeito, fortalecemos a difusión a través das nosas redes sociais e páxina web.

**Que se debe ter en conta á hora de orientar a persoas coa síndrome de Down?**

A idea principal da que debemos partir é que as persoas con discapacidade intelectual teñen as mesmas necesidades de orientación que calquera outra persoa, simplemente que adaptada ás súas necesidades.

Con todo, é certo que non podemos obviar algúns aspectos que condicionan en gran medida o proceso de orientación dirixido a unha persoa coa síndrome de Down e/ou discapacidade intelectual:

– É importante un traballo previo de autocoñecemento, de maneira que as persoas con discapacidade tomen conciencia das súas posibilidades, pero tamén das súas limitacións, para axustar as súas expectativas.

– Requírese un adestramento na toma de decisións que supla posibles limitacións motivadas por unha posible sobreprotección familiar e/ou baixo nivel de autonomía.

– A maioría deles teñen un coñecemento moi limitado sobre as posibilidades que ofrece o sistema educativo e formativo, así como as opcións que ofrece a contorna.

– Promover habilidades e estratexias persoais de procura, selección e tratamento da información relevante e que poida ser de interese na orientación.

– Na maior parte dos casos, a familia debe considerarse unha peza decisiva que ten que implicarse no proceso.

En calquera caso, máis aló de pautas de carácter xeral para a globalidade do colectivo, é importante ter en conta que a intervención e atención deberase adaptar a cada un en particular en función das necesidades e particularidades concretas de cada persoa e de cada proceso de orientación individual.

**En 2012 afirmaba que os profesionais da orientación que traballaban con este colectivo centrábanse nos recursos específicos para eles e esquecían o resto dos recursos existentes. Cambiou algo desde entón? Hai unha maior sensibilización?**

Afortunadamente, cada vez hai unha maior sensibilización social con respecto á discapacidade. Con todo, queda un longo percorrido ata lograr que participen na sociedade na mesma medida que o resto da poboación.

Ese é o noso gran reto, e aos poucos vaise conseguindo maior presenza das persoas con discapacidade en recursos da comunidade que, ata o momento, eran practicamente "prohibitivos" para eles. Desde Down Galicia cremos que a mellor forma de sensibilizar é facer máis visibles estas experiencias nas que as persoas con discapacidade forman parte de contornas ordinarias (tanto de carácter formativo como laboral).

Grazas a iso, cada vez son máis os profesionais implicados na orientación que toman conciencia das posibilidades reais do colectivo e que priorizan a derivación a contornas ordinarias fronte á oferta específica e con certo carácter "segregador". Proba diso é o incremento que ano tras ano temos no número de persoas coa síndrome de Down e/ou discapacidade intelectual que se benefician da oferta formativa ordinaria, así como do número de persoas que conseguen emprego en empresas do mercado laboral ordinario.



**PÁXINAS 23-24**

Sesión do Servizo de Orientación de Down Galicia

## A XUSTIZA ESIXE Á ADMINISTRACIÓN INCLUSIÓN EDUCATIVA: MELLOR AULA ORDINARIA CON APOIO QUE ESPECÍFICA

Laura debe estudar na mesma aula que as súas compañeiras e compañeiros. A Xustiza deu outro paso cara á inclusión educativa e obriga á Junta de Andalucía a escolarizar a unha nena de nove anos con Trastorno Educativo da Linguaxe (TEL) na mesma aula que o resto do alumnado e dotarlle de medios, como quería a familia, e non nunha aula específica aparte, como pretendía a Consejería de Educación.

"Estamos moi contentos", valora María, nai de Laura. "Sempre tivemos claro que queriamos a aula ordinaria. Isto non era unha cuestión educativa ou sanitaria. É un tema social, queriamos evitar a morte social da miña filla", explica a eldiario.es.

Argumenta o xuíz na súa sentenza, na liña que veñen marcando sentenzas previas, que se produciu unha vulneración dos dereitos fundamentais de Laura porque a administración "non esgotou as posibilidades dunha modalidade máis integradora como a de manter a Laura nunha clase ordinaria, con medidas ou reforzos externos" tal e como marca a lei que debe facer.

"O máis relevante deste caso é que a primeira sentenza en España que dalgunha forma conclúe que unha aula específica nun centro ordinario reduce as posibilidades de inclusión dunha alumna" explica Carme Fernández, presidenta da Fundació Gerard de apoio á inclusión. "E isto é fundamental, porque as administracións venden as aulas específicas como inclusivas".

Ata hoxe, segundo Fernández, a Xustiza non entrara no rol das aulas específicas na inclusión, unha modalidade de educación segregada menos extrema que os centros de educación especial. Estas aulas son espazos, dentro dos centros ordinarios, aos que leva a alumnos con necesidades educativas especiais durante algunhas horas (ou todo o día), que contan con profesionais especializados e menos alumnado. Considéranse un paso intermedio fronte aos centros de educación especial porque permite aos pequenos socializar cos seus compañeiros sen discapacidade nos intres nos que non están en clase ou nalgunhas materias.

Tamén achega outro fallo tendente á inclusión educativa plena. O texto, que a Junta en principio non ten intención de recorrer máis, incorpórase desta maneira á xurisprudencia que se vai desenvolvendo ao redor da inclusión, que conta xa con sentenzas favorables do Tribunal Constitucional e do Tribunal Supremo.

### A Convención da ONU, piar da sentenza

Para ditar esta sentenza, o xuíz Andrés Salgas apoiouse na Convención sobre Dereitos das Persoas con Discapacidade da ONU, que España ratificou en 2007. Este tratado internacional obriga aos Estados asegurar a educación inclusiva das persoas con discapacidade.



**PÁXINAS 27-28** A intervención familiar, un dos piares apoiados polas achegas do IRPF

# MEMBROS DAS ENTIDADES DOWN RECIBEN DIPLOMA POLA SÚA PARTICIPACIÓN NAS FORMACIÓNS DA FEDERACIÓN

Unha trintena de persoas usuarias de entidades Down en Galicia recibiron onte no Palacio de Congresos e Exposicións de Galicia en Santiago un diploma acreditativo da súa participación nalgún dos cinco proxectos de formación prelaboral levados a cabo durante o último ano pola Federación Down Galicia.

O acto, presidido pola conselleira de Política Social, Fabiola García, contou coa participación de persoas usuarias de 16 entidades do ámbito social, participantes das 27 accións formativas financiadas pola propia Consellería a través das subvencións destinadas para o desenvolvemento de proxectos de asesoramento e formación de persoas con discapacidade na Comunidade Autónoma de Galicia.

Nesta ocasión, a Federación levou a cabo cinco proxectos dos que puideron beneficiarse 130 persoas usuarias das distintas entidades Down de Galicia, e que contaron cun financiamento total de 113.662,69 €.

O primeiro deles centrouse na preparación de oposicións autonómicas e estatais e tivo como principal obxectivo garantir ás persoas participantes a adquisición e mellora das competencias necesarias para presentarse a un proceso de oposición e superalo con éxito.

O segundo tiña por obxecto mellorar a alfabetización e exercitar as habilidades instrumentais básicas das persoas participantes, o que lles permitirá desenvolverse de maneira máis autónoma en actividades da súa vida cotiá.

O terceiro proxecto tiña como obxectivo a estimulación cognitiva das persoas con síndrome de Down e/ou discapacidade intelectual, para mellorar e exercitar as funcións cognitivas nas persoas participantes como base para lograr unha mellora da autonomía, as habilidades prelaborais e da súa participación na comunidade.

Finalmente, o cuarto e quinto proxecto centrábanse na especialización. Un estaba enfocado á adquisición de competencias no ámbito da restauración, mentres o outro faría o seu co perfil profesional de ordenanza.

A inserción laboral das persoas con discapacidade intelectual e síndrome de Down é un proceso complexo. Estes proxectos ofrecen aos seus participantes a oportunidade de adquirir coñecementos e ferramentas que lles permitan ter a posibilidade de dispoñer dun traballo fixo, mellorando así a súa calidade de vida.

Desde Down Galicia destaca que estas convocatorias son un gran avance, pois permiten financiar proxectos formativos orientados á adquisición de formación prelaboral e de habilidades para o desenvolvemento de actividades na vida cotiá, permitindo deste xeito unha preparación para unha futura inserción socio-laboral..

## MÁIS NOTICIAS?

Accede a www.downgalicia.org para informarte de todas as novidades e publicacións da Federación e as súas entidades membro. Velaquí algunhas, fai click para lelas!

### A carreira "6 horas Vila do Corpus" duplica a súa solidariedade e recada 7.500 euros para Down Vigo

A terceira edición da carreira nocturna "6 horas Vila do Corpus" de Ponteareas foi, de novo, un éxito. A proba deportiva practicamente dobrou o número de participantes, rozando o medio milleiro, e conseguiu recadar máis de 7.500 euros para a asociación Down Vigo, así como outros fondos para entidades da contorna.

### Compostela cede o testemuño a Almería para acoller este outono o encontro de familias e irmáns

Down Compostela cede o testemuño a Down Almería para acoller o 19º Encontro de Familias e o 11º Encontro de irmáns coa síndrome de Down e discapacidade intelectual do 31 de outubro ao 3 de novembro na cidade andaluza.

### Dispoñible a app "En defensa propia" para denunciar as vulneracións de dereitos de persoas con discapacidade

Que facer se se sofre unha situación onde se vulneran os teus dereitos ou os dun familiar? A app "En defensa propia" axudará a dar resposta cun manual de autodefensa, dando a opción de denunciar o ocorrido. Inclúe unha versión en Lectura Fácil e doutras ferramentas de accesibilidade.

## SÉGUENOS!

DownGalicia.org

Facebook.com/DownGalicia

Twitter.com/DownGalicia

Youtube.com/DownGalicia

Flickr.com/DownGalicia

O Departamento de Comunicación de Down Galicia é o encargado de confeccionar, publicar e difundir todo evento ou aspecto noticioso das entidades membro da Federación. Non dubides en poñerte en contacto co mesmo no enderezo comunicacion@downgalicia.org.

Consulta a nosa política de privacidade

**Subvencionado por**

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL




DOWN Galicia

Acto de repulsa de Down Galicia e Down Compostela ante o crime de terrorismo machista de Valga